



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



MIGUEL ANXO MURADO

Mércores de cinza

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2006, 172 páxinas

P. V. P. 14€ IVE incluído



RITOS DE PASO

Como continuación da liña editorial de relanzamento da obra literaria de **Miguel Anxo Murado**, Editorial Galaxia publica a segunda edición de ***Mércores de cinza***. Murado é un dos autores de prestixio das últimas promocións de narradores galegos, a súa orixinalidade e o novo pulo co que aborda o xénero do relato sitúano na vizosa e rica tradición da narrativa breve, que na literatura galega ten unha importancia crucial.

Publicado por primeira vez en 1998, *Mércores de cinza* desenvolve dezaseis historias centradas nos ritos de paso que compoñen a experiencia humana. Un rapaz que acaba de perder o seu pai participa na extinción dun **incendio forestal** que se converte en metáfora da súa dor, un home enfermo visita un amigo no Xapón, unha nena trata de asumir a necesidade de levar lentes, dous amigos compiten por unha rapaza que só ha corresponder a un deles... A infancia, a mocidade, a madurez e a vellez álzanse desde a sinxeleza dun tratamento narrativo cheo de sutís reviravoltas e un estilo literario inconfundible.

O autor de *Ruído (Relatos de guerra)* consegue con *Mércores de cinza* unha obra que acada a sensibilidade do lector para se facer intensa e inesquecible logo da lectura. A través de situacións límite e cunha escritura que se detén nos detalles cotiáns en aparencia máis insignificantes, Murado tece unha rede que apreixa o que decote pasa desapercibido, salientándoo para facer que adquira toda a súa forza significativa.

MIGUEL ANXO MURADO (Lugo, 1965) dedícase profesionalmente á literatura e ao xornalismo. A súa obra literaria é dunha gran variedade e foxe do encorsetamento. Desde libros de relatos coma *Memoria de derribos* (1993) e *Ruído* (1995) ata o extraordinario *Caderno de Xapón* (2001), un libro que é ao mesmo tempo diario dunha viaxe e ensaio sobre unha cultura. Autor teatral (*A grande noite de Fiz*, *Historias peregrinas*), tradutor e guionista, no ano 2005 obtivo o Premio Francisco Fernández del Riego de xornalismo.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es